

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA E FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO**

Santiago de Compostela a trinta de xullo de dous mil vinteún.

**REUNIDOS**

Dunha parte,

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Dona XXXXXXXXXXXX con DNI 34267745E que intervéen neste acto en calidade de representante da **FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO**, con número de identificación fiscal G83117374, domicilio social na rúa Ahijones, s/n, cp 28018, Madrid, e domicilio para efectos de notificacións en Rúa Ulla, 27. Local comercial nº 4, código postal 15702, en Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro, inscrita no rexistro de fundacións asistenciais co número 28-1223, de acordo coa Orde de 28 de decembro de 2001, pola que se clasifica á Fundación Secretariado Gitano (FSG), de asistencia social, e dispón a súa inscrición no Rexistro de Fundacións Asistenciais; e en virtude da escritura de poder outorgada o día 25 de abril de 2019 diante de Dona Carmen Ana Vázquez Arias, notaria de León, co nº de protocolo 580, a vixencia do cal manifesta.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

## EXPOÑEN

### **Primeiro.**

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

### **Segundo.**

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atibuíndoselles sobre

este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

### **Terceiro**

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

### **Cuarto.**

**FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO** é unha fundación inscrita no rexistro de fundacións asistenciais co número 28-1223, de acordo coa Orde de 28 de decembro de 2001, pola que se clasifica á Fundación Secretariado General Gitano (FSGG), de asistencia social, e dispón a súa inscrición no Rexistro de Fundacións Asistenciais; configúrase como unha entidade sen ánimo de lucro ao abeiro da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

**Quinto.**

**FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO** ten como misión a promoción integral da comunidade xitana, dende a atención á diversidade cultural, reflexada nos fins do artigo 6 dos seus estatutos.

Para o cumprimento desta misión e a consecución destes fins, realízanse as actividades previstas no artigo 7 dos seus estatutos, con liberdade de actuación (artigo 8), mantendo así, entre outras, as seguintes liñas de traballo:

- a. Fomento do emprego e da estabilidade dos/as mozos/as no mercado de traballo, mediante itinerarios personalizados e medidas de acompañamento, especialmente a través de programas xestionados por ONG.
- b. Programas de intervención social de carácter integral, de xeito que neles se realicen actividades simultáneas nos ámbitos da educación, a vivenda e o hábitat, a saúde, a formación e o emprego e os servizos.

**Sexto.**

O Concello de Santiago de Compostela e a **FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO**, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

- **PROGRAMA PROMOCIONA AYUNTAMIENTO SANTIAGO. CURSO 20-21 (21)**

Para levar a cabo este programa do 1 de Xaneiro o 31 de Decembro de 2020 o custe total aproximado, ascende a un total de **23.000 € (vinte tres mil euros)**.

(Ver **Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio** polo importe de 23.000 € no ANEXO I).

Se xustificará o importe da parte subvencionada polo Concello de Santiago por importe de 23.000 €.

Así mesmo, a través do presente convenio **FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO** ofrécese ao Concello de Santiago como entidade colaboradora para acoller a persoas que están a realizar traballos en beneficio da comunidade como forma de integración social.

### **SEGUNDA.- CONTIDO.**

#### **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

**PROGRAMA PROMOCIONA AYUNTAMIENTO SANTIAGO. CURSO 20-21 (21)**

- **DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

**Programa Promociona Ayuntamiento Santiago. Curso 20-21 (21)** é un programa de apoio e orientación educativa para mozas xitanas e mozos xitanos e as súas familias.

**Accións:** aulas de reforzo educativo; reforzo educativo individualizado; orientación educativa individualizada e grupal con familia e alumnado facendo especial fincapé na capacitación competencial e dixital; coordinación con centros educativos e outros axentes e servizos.

**DATAS DE EXECUCIÓN:** as actividades executaranse do 1 de Xaneiro ó 31 de Agosto do 2021 (curso escolar 20-21 (21)).

- **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

-Favorecer a normalización educativa do alumnado xitano para conseguir taxas mais elevadas de éxito académico en Educación Primaria e na Educación Secundaria Obrigatoria, e promover a súa continuidade en Estudos Medios e/ou superiores e Formación profesional.

- Facilitar a transición entre Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, a permanencia no sistema educativo e a promoción a estudos superiores.

- Xerar e potenciar as condicións necesarias para propiciar o éxito educativo da comunidade xitana e, en definitiva de toda a comunidade educativa mediante o traballo cos diferentes actores implicados: alumnado, familias, centros educativos e outros axentes sociais.

-Reducir a brecha dixital para potenciar o acceso e o uso do alumnado e das familias das ferramentas dixitais.

- **ÁMBITO TERRITORIAL**

Ámbito local. En Santiago de Compostela, cunha área de influencia de Santiago e comarca.

- **PERSOAS DESTINATARIAS**

Alumnado de etnia xitana cursando de 3º a 6º de primaria, ESO e estudos postobligatorios que non presenten máis dun 20 % de absentismo escolar e que non teñan máis de dous anos de desfase curricular. 26 participantes.

Familias destes nenos e nenas dispostas a colaborar cos obxectivos do programa. 21 familias.

Centros educativos onde cursan os seus estudos. 13 centros educativos.

Outros axentes: servizos sociais, outras entidades intervintes cos e coas menores e familias.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO.**

Maior **coñecemento da situación educativa dos rapaces xitanos e das rapazas xitanas.**  
13 Centros educativos con convenio de colaboración asinado.

O impacto é no **aumento dos resultados académicos das 26 persoas participantes**, o que fai que cada vez se acheguen mais o obxectivo final que é acadar o graduado en ESO e

poder continuar con estudos postobligatorios. Isto fai un efecto multiplicador na súa contorna, xa que estas persoas convértense nunha referencia a imitar.

### **SEGUIMIENTO:**

Avaliación educativa inicial, elaboración do plan de intervención individualizada, avaliación de seguimento despois de cada trimestre, avaliación final do curso, revisión de cumprimento do plan de intervención, seguimento semanal personalizado no tocante a intervención socio-educativa, seguimento semanal das competencias tecnolóxicas.

- **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

Recursos humanos: orientadora educativa, mestra.

Recursos materiais: Material de oficina, libros e manuais.

Tecnolóxicos: tablets, wifi, ordenadores, smartphone, redes sociais, correo electrónico, navegadores de búsqueda e Apps de videochamadas.

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

#### **Cuantitativa**

Número de alumnado e familias

Número de centros educativos

Número de entidades coas que se coordinan

Número de alumnado que pasan de curso

Número de alumnado que melloran as súas cualificacións

Número de alumnado que aproban todas as materias

Número de alumnado en postobligatorio

% de alumnado que se titulan

% de alumnado que melloran as competencias dixitais

% de alumnado que mellora as súas competencias básicas

% familias que melloran as súas competencias básicas e dixitais

Número de sesións de orientación educativa individualizada por alumno/a e por familia

Número de sesións de orientación educativa grupais

Número de sesións de mentoring

Número de sesións de coordinación con centros educativos e outras entidades por alumno/a.

### **Cualitativa**

Enquisa de valoración das persoas participantes e dos axentes implicados

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Compostela Integra, traballadores/as sociais do Concello de Santiago de Compostela, reunións de barrio do concello, correo electrónico, web, facebook, teléfono, en persoa, en medios de comunicación, follas informativas, carteis, memorias e outros.

- **DATAS**

Do 1 de Xaneiro ó 31 de Agosto de 2021

### **2.1. ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:**

**PROGRAMA PROMOCIONA AYUNTAMIENTO SANTIAGO. CURSO 20-21 (21).-**

**2.1.1 NOME DA ACTIVIDADE: Orientación educativa individualizada e grupal (familia e alumno/a) e coordinación cos centros educativos e outros axentes e servizos de forma presencial e virtual.**

#### **DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.**

- Elaboración do plan de intervención
- Titorías individualizadas co alumnado e familias
- Titorías grupais co alumnado e familias
- Capacitación competencial e dixital co alumnado e familias
- Planificación e xestión do tempo.
- Planificación curricular
- Mentoring

-Traballo en rede cos recursos implicados

#### **OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.**

- Adquirir as competencias para o aprendizaxe que faciliten a adaptación escolar das e dos menores así como a súa continuidade e permanencia no sistema educativo.
- Aumentar a motivación e interese polos estudos do alumnado participante.
- Implicar a familia no proceso educativo.
- Establecer sinerxías cos centros educativos e outros axentes implicados.
- Capacitar dixitalmente ao alumnado e as familias

#### **PERSOAS DESTINATARIAS**

Alumnado de etnia Xitana cursando de 3º a 6º de primaria, ESO e postobligatorio que non presenten máis dun 20 % de absentismo escolar e que non teñan máis de dous anos de desfase curricular. 26 alumnos/as, 21 familias e 13 centros educativos.

**LUGAR DE REALIZACIÓN:** Santiago de Compostela

#### **ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN**

- Sesións de traballo para a planificación de acción para o 2021. (3 no período)
- Reunións de equipo de traballo: 1/mes
- Reunións de planificación da intervención cos centros educativos e outros axentes 1/trimestre
- Reunións coas familias 1/mes
- Tutorías individuais. 1/mes
- Tutorías grupais. 1/trimestral
- Avaliación inicial, trimestral e final da situación educativa de cada alumno/a
- Elaboración do plan de intervención. 1/curso e ano
- Revisión do plan de intervención. 1/curso e ano
- Programación mentoring: 3/curso

## **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**

Recursos humanos: orientadora educativa, mestra.

Recursos materiais: Material de oficina, libros e manuais.

Tecnolóxicos: tablets, wifi, ordenadores, smartphone, redes sociais, correo electrónico, navegadores de búsqueda e Apps de videochamadas.

**DATAS**: do 1 de xaneiro ao 31 agosto de 2021

### **2.2.2.NOME DA ACTIVIDADE: Reforzo educativo individualizado**

#### **DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.**

Sesións de apoio escolar individual de forma presencial e online.

#### **OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.**

-Adquirir as competencias para o aprendizaxe que faciliten a adaptación escolar do alumnado así como a súa continuidade e permanencia no sistema educativo.

-Capacitar dixitalmente

#### **PERSOAS DESTINATARIAS**

Alumnado de etnia xitana cursando de 3º a 6º de primaria, ESO e postobligatorio, que non presenten máis dun 20% de absentismo escolar e que non teñan máis de dous anos de desfase curricular. 26 alumnos/as..

**LUGAR DE REALIZACIÓN**: Santiago de Compostela

#### **ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN**

-Sesión de traballo para a planificación de acción para o 2021

-Reunións de equipo 1/semana

-Reunións de planificación do reforzo 1/mes

## **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**

Recursos humanos: orientadora educativa, mestra.

Recursos materiais: Material de oficina, libros e manuais.

Tecnolóxicos: tablets, wifi, ordenadores, smartphone, redes sociais, correo electrónico, navegadores de búsqueda e Apps de videochamadas.

**DATAS**: do 1 de xaneiro ao 30 xuño de 2021

### **2.2.3.NOME DA ACTIVIDADE: Aula de Reforzo Educativo**

#### **DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER.**

Sesións de apoio escolar en grupos reducidos

#### **OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.**

-Adquirir as competencias para o aprendizaxe que faciliten a adaptación escolar do alumnado así como a súa continuidade e permanencia no sistema educativo.

-Capacitar dixitalmente

#### **PERSOAS DESTINATARIAS**

Alumnado de etnia xitana cursando de 5º e 6º de primaria e a ESO, que non presenten máis dun 20% de absentismo escolar e que non teñan máis de dous anos de desfase curricular.  
18 alumnos/as..

**LUGAR DE REALIZACIÓN**: Santiago de Compostela

#### **ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN**

-Sesión de traballo para a planificación de acción para o 2021

-Reunións de equipo 1/semana

-Reunións de planificación da aula 1/mes

#### **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS**

Recursos humanos: orientadora educativa, mestra.

Recursos materiais: Material de oficina, libros e manuais.

Tecnolóxicos: tablets, wifi, ordenadores, smartphone, redes sociais, correo electrónico, navegadores de búsqueda e Apps de videochamadas.

**DATAS**: do 1 de xaneiro ao 30 xuño de 2021

### **TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2021, achegará á **FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO** a cantidade de **VINTETRÉS MIL EUROS (23.000,00 €)**, segundo o previsto nos artigos 31, 32, 33 e no Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021, e con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 4800021/2021**

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

### **CUARTA.GASTOS SUBVENCIONABLES.**

- a) Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.
- b) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- c) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados: elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).
- d) Outros gastos correntes, que estean debidamente xustificadas e se consideren estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.

- e) En ningún caso serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc.) con cargo os proxectos ou actividade subvencionada, nin dietas por estes conceptos relativas o persoal que preste servizos no desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- f) Non se consideraran gastos subvencionables os efectos da presente subvención os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado.

#### **QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN**

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2021. Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como **data límite o 31 de outubro de 2021**, a seguinte documentación:

1. Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura **(ANEXO I)**.

2. Unha **Memoria de actuación** das actividades realizadas no proxecto (**ANEXO II**) xustificativa do cumprimento das obrigas contraídas, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.
3. Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio (**ANEXO III**).
4. Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de conformidade co **ANEXO III**. No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO VIII**. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.
5. Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) e nóminas ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o **ANEXO IV**, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola entidade no **ANEXO I**.
6. Unha **Memoria Económica** xustificativa do custo das actividades que terá o contido do artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (**ANEXO V**), en que se reflecta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é

totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.

7. A **XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

#### 7.1. FACTURAS:

**Facturas orixinais de gasto** (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, **ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberán reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.

No caso de que a obrigación de expedir factura poida cumprirse mediante factura simplificada, deberá ter o contido esixido polo artigo 7 do citado Real Decreto.

No ámbito do presente Convenio, esíxese que na factura conste como destinataria a entidade beneficiaria, con expresión do seu Número de Identificación Fiscal.

As facturas ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal**; en ningún caso admitiranse fotocopias.

A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa

pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, e se estas fosen facturas en papel, serán substituídas por copias compulsadas coa constancia no orixinal do “estampillado”, na que se fará constar que foi tida en conta na xustificación da presente subvención

- No caso de realizarse o **pagamento de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do provedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.
- Se presentan **facturas pagadas en efectivo**, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo. **(ANEXO VI)**.

7.2. Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

- a) Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría

especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.

- b) **Certificado que acredite as horas de traballo** adicadas por cada persoa traballadora ao proxecto asinado polo representante da entidade e polo traballador ou traballadora afecto/a.
- c) **Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.
- d) **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- e) Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- f) Os custos de persoal deberán acreditarse mediante **Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada. **(ANEXO VII)**
- g) Se con cargo á subvención páganse seguros sociais e retencións de IRPF, só poderán imputarse as cantidades correspondentes aos meses e traballadores cuxas nóminas se imputen.

Non serán imputables á subvención os importes correspondentes ás retencións de IRPF nin os seguros sociais nos casos en que a entidade teña concedido o aprazamento ou fraccionamento de débedas correspondentes ás mesmas, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

No caso de que as facturas, nóminas, TC e os modelos 111 emitíranse electronicamente, a entidade deberá presentar, ademais, a declaración responsable segundo o modelo referenciado no **ANEXO X**

7.3. A xustificación do **PAGAMENTO** dos gastos de imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- a) Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificárase mediante copia do resgardo do cargo da mesma. E conterá, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
- b) **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificárase mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- c) **Efectivo**: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como gasolinerías, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscientos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben por medio dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.
- d) Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
- e) No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.

**8. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello

de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Entregar debidamente cumprimentado o **ANEXO VIII** que forma parte do convenio no momento da súa xustificación asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade.

10. Achegar o **nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria** na que facer o ingreso.

11. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a **adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería de Políticas Sociais e Saúde mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberán presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula, conforme o **ANEXO IX**.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **31 de outubro de 2021**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións , e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

#### **SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN**

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS que forman parte do convenio**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, archivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivamento e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as Entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folla dos modelos normalizados dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando

que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.

Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a Entidade axunte vía telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os **ANEXOS que se axuntan o convenio en formato de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico ([conveniospsociais@santiagodecompostela.gal](mailto:conveniospsociais@santiagodecompostela.gal)) - Concellería da Área de Políticas Sociais e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **31 de outubro de 2021**.

#### **SETIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2021, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Remitir todos os ANEXOS que se axuntan o convenio en formato **de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería da Área de Políticas Sociais e Saúde os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.

- d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- i) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na **cláusula oitava** do presente convenio.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- k) Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral

de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- l) Dado que a subscripción do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

#### **OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería da Área de Políticas Sociais e Saúde. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada polo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto

de lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régulase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
  - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
  - b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.

e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

### **NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, E TRANSPARENCIA**

1. A **FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO**, é a responsable única e directa dos tratamentos de datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e está obrigada ao cumprimento das prescricións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de Abril de 2016 así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como do resto de disposicións normativas que en materia de protección de datos se atopen en vigor á sinatura do convenio ou que poidan estalo durante a súa vixencia.

2. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

### **DÉCIMA. AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN**

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico da Concellaría de Políticas Sociais e Saúde e da Entidade). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

### **DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **DECIMOSEGUNDA. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓN**

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2021, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarse o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

### **DECIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADE**

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

#### **DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de ser subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas quinta e sexta.

#### **DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO**

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polo polas cláusulas establecidas no convenio, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo Concello de Santiago de Compostela.	Dona XXXXXXXXXXXXXXXX FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO.

**ANEXO I**

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS  
CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS  
CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

**ACTIVIDADE/PROGRAMA: “POGRAMA PROMOCIONA AYUNTAMIENTO SANTIAGO.  
CURSO 20-21 (21)”**

<b>CONCEPTOS</b>	<b>ORZAMENTO 2021</b>
<b>PERSOAL</b> <b>Orientadora Educativa</b> <b>Mestra Aula</b>	<b>22.774,00 €</b>
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>226,00 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>23.000,00 €</b>

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento é un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2021. (BOP nº 80 de 30 de Abril de 2021), Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

En Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2021